

O mundo da cultura galega arroupou onte en Muxía á Fundación López Abente

30.01.2011 Méndez Ferrín abogou por facer unha revisión crítica da súa produción//Rivadulla adiantou que se publicará a obra

JESÚS TRILLO CEE

A mariñeira vila de Muxía viviu onte unha desas xornadas que fan historia. O salón de plenos do concello quedou pequeno para dar cabida ás numerosas persoas que non quixeron perderse a posta en marcha da Fundación Gonzalo López Abente, quedando deste xeito saldada a débeda que o pobo tiña co escritor.

Alí estaban, asinando ante a notaría Ana Mallada a súa aceptación do cargo de patróns, nada máis e nada menos que o presidente da Deputación de A Coruña, Salvador Fernández Moreda, o presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín; o reitor da Universidade de Santiago, Juan José Casares; o seu homónimo da Universidade de A Coruña, José María Barja.

Tamen estiveron o presidente do PEN Galicia, Luís Tosar, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, así como Francisco Díaz Fierros, en representación do Consello da Cultura Galega.

Formaron parte igualmente da mesa constituinte, encabezada polo alcalde de Muxía, Félix Porto, acompañado pola concelleira de Cultura, os tamén patróns e promotores da idea Viki Rivadulla, Rivadulla Corcón, Xesús Sambade, Manuel Vilar, Arturo Suárez, e Miro Villar. Na súa intervención, o rexedor, tras agradecer a colaboración de todos, mostrou o seu compromiso para poñer en valor o patrimonio muxián". Asegurou que, como decía López Abente, "eu tamén quero navegar nesa nave que hoxe parte...".

O vicepresidente da Fundación, Rivadulla Corcón, e a secretaria, Viki Rivadulla, adiantaron os obxectivos e actividades iniciais da entidade, entre os que estarán o dignificar a figura do escritor, publicar a súa obra, así como elaborar unha unidade didáctica nos centros de ensino do conello, e crear os que se denominarán *Roteiros Abentianos*.

Da *laudatio* encargouse o escritor Miro Villar, quen fixo un longo repaso pola vida e obra.

Méndez Ferrín fixo votos para que se publique e se faga unha revisión crítica da obra de Abente, mentras que Fernández Moreda destacou a importancia de recuperar "a unha persoa que forma parte da nosa historia". Ofrenda floral e recital poético ante a súa tumba, para pechar co himno en galego á Virxe da Barca composto por el mesmo. Un día para lembrar.

jtrillo@elcorreogallego.es